

## Información sobre as diferentes materias impartidas no IES “Praia Barraña” de Boiro (A Coruña)

### 1 Identificación da materia

Denominación:

Anatomía Aplicada (AnAp)

### 2 Características da materia

Etapa educativa:

Bacharelato

Curso:

1º  2º

Tipoloxía:

Común  Obrigatoria de modalidade  De opción de modalidade  Optativa

Carga lectiva semanal:

1 hora  2 horas  3 horas  4 horas

Materia de contidos progresivos:

Si  Non

Materia previa necesaria:

--

Materia ponderable:

Si, pondera de cara ao acceso ao estudos universitarios  Non

Outras características:

- Deberá contar cun **mínimo de 10 alumnos/as** para poder ser impartida.

### 3 Cal é a súa finalidade? Que contidos se traballan na materia?

- A principal finalidade da materia é a de aumentar o coñecemento e comprensión da estrutura corpo humano e o seu funcionamento. Constitúe unha excelente formación para o alumnado que ao finalizar a etapa de Bacharelato queira estudar calquera dos graos universitarios e ciclos formativos relacionados coas ciencias da saúde, a educación física e mesmo as ensinanzas artísticas superiores.
- Os contidos da materia están distribuídos en 8 bloques dos cales, o primeiro, resume a metodoloxía que se emprega no traballo científico e que vai inspirar o desenvolvemento das clases e as prácticas de laboratorio ao longo do curso.
- O resto de bloques permiten abordar o estudo dos diferentes sistemas corporais do ser humano, a través do coñecemento dos órganos que os forman (bioloxía e estrutura anatómica) e o seu funcionamento (fisioloxía) no individuo san.
- Para cada un dos sistemas corporais estúdanse tamén as enfermidades máis frecuentes que poden alterar a súa función, e os hábitos de vida saudables que contribúen a previr estas enfermidades. Dentro destes hábitos saudables dáselle especial importancia ao estudo da alimentación, a nutrición, as dietas equilibradas e a actividade física.
- Ao mesmo tempo faise fincapé na prevención do consumo de substancias tóxicas.
- Os dous últimos bloques de contidos están dedicados ao estudo do aparello locomotor xunto coa anatomía do movemento, e a expresión corporal.
- Ademais do estudo detallado da bioloxía, anatomía, fisioloxía, hábitos saudables e enfermidades que poidan afectar ao correcto funcionamento do aparello locomotor, incídese na importancia da motricidade humana no desenvolvemento persoal e social e como medio de comunicación e fonte de creatividade.

### 4 Onde se pode consultar o currículo completo da materia?

- Orde do 13 de febreiro de 2023 pola que se establece o currículo das materias optativas do Bacharelato e se regula a súa oferta ([DOG do 27 de febreiro de 2023](#)).
- Accede ao currículo da materia a través do seguinte [enlace](#) ou consultando o código QR que se indica

